



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 82 /2023

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O PROGRAMA DO CENTRO DE DÍA Á INFANCIA NO "FOGAR EMILIO ROMAY"

---

Na Coruña, a 29 de setembro de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

### Reunidos

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, polas competencias que lle confire a Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, e a 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde do Concello de Culleredo, polas competencias que lle confire a Lei 7/1985, das Bases do Réxime Local, e a 5/1997 da Administración Local de Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, ambas as dúas partes recoñécense reciprocamente capacidade suficiente para subscribir o presente Convenio de colaboración, a cuxos efectos

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse a Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

**Segundo.** De acordo á normativa autonómica, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios enmarca os centros de día como un recurso dos programas de Educación e Apoio familiar municipal dos servizos sociais comunitarios.

O mesmo Decreto regula como función dos servizos sociais comunitarios específicos e en relación á Lei 13/2008, a xestión de centros de día destinados á primeira infancia para a conciliación da vida laboral e familiar (art. 26. f.) e a atención a menores en situación de risco social, mediante equipamentos e programas orientados a súa atención psicosocial e educativa (art. 26. h.)

A Lei 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva entre mulleres e homes, recolle no seu artigo 14, como criterios xerais de actuación dos poderes públicos, o establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes así como o fomento de instrumentos de colaboración entre as distintas administracións públicas.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**  
SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**Terceiro.** O Concello de Culleredo ten dentro das súas prioridades de actuación no eido dos servizos sociais a atención á infancia e protección dos menores en risco de desamparo así como ás políticas de conciliación familiar e laboral.

O Concello, a través da súa Área de Benestar Social, solicita o Programa de Centro de Día no Fogar Infantil Emilio Romay destinado a atención e coidado de menores de 0-12 anos en situación de risco o vulnerabilidade social.

**Cuarto.** A Deputación Provincial da Coruña, co CIF P-1500000C e rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-1335 dispón, entre os seus recursos asistenciais, dun establecemento denominado Fogar Infantil Emilio Romay, sito na Avda. do Ferrocarril, nº 43 da Coruña, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de Centro con Fogares.

O Fogar Infantil Emilio Romay ten unha ampla experiencia na atención de día de nenas e nenos en situación de risco social ou desamparo e no traballo coas familias que o necesitan.

O centro está dividido en varias unidades de convivencia ou fogares que permite desenvolver as diversas actividades para o desenvolvemento persoal e integración social das/os menores.

**Quinto.** Ambas as dúas partes establecen como obxectivos os seguintes:

O obxectivo xeral do Programa do Centro de Día para infancia é o apoio ao programa de traballo con familias dos servizos sociais municipais, para atender ás necesidades de menores até 12 anos de idade, de cara a mellorar a súa integración social e apoiar o desenvolvemento da autonomía das familias no exercicio das súas funcións parentais.

Os obxectivos específicos con cada unha das nenas e nenos é o encargo que o Concello realiza ao Programa do Centro de Día, que serán explicitados coa solicitude de Alta, para definir o Proxecto Educativo Individual de cada nena/o e apoiar o Plan de Caso que desenvolvan os Servizos Sociais Comunitarios:

**En relación ás nenas e nenos:**

- Satisfacer as necesidades básicas das nenas e nenos (alimentación, hixiene, saúde), asumindo que para levar a cabo esta tarefa, a familia necesita o apoio doutras persoas (familia extensa, amizades, etc.) e institucións (sanitarias, educativas e sociais).
- Prestar apoio nas tarefas escolares.
- Detectar necesidades específicas de apoio, valoración, diagnóstico de aspectos da saúde física ou psíquica.
- Realizar un seguemento continuado da situación das nenas e nenos, mediante a supervisión dos coidados que reciben nas súas familias e o contacto periódico coas súas nais e pais.
- Promover a adquisición de hábitos e o desenvolvemento de habilidades que faciliten a



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



integración das nenas e nenos e melloren a súa relación co entorno social e comunitario.

- Impulsar o desenvolvemento físico, psíquico e social das nenas e nenos.
- Reforzar as actitudes, aptitudes e capacidades das nenas e nenos como medio de mellora nas súas relacións sociais e o rendemento académico.

#### **En relación ás familias:**

- Apoiar o programa de traballo con familias do Concello de Culleredo.
- Traballar coas nais e pais habilidades que favorezan un desenvolvemento físico, psíquico e social adecuado das súas fillas e fillos fomentando a súa autonomía, en coordinación co programa de traballo coas familias dos Servizos Sociais municipais.
- Detectar necesidades específicas de apoio das figuras parentais.

Ambas partes outorgan o presente convenio conforme as seguintes

#### **CLÁUSULAS**

**Primeira:** O obxecto deste convenio é o apoio ao programa de traballo coas familias do Concello da Culleredo a través da atención de día a nenas e nenos menores de 12 anos no Fogar Infantil Emilio Romay, para mellorar a súa integración social e apoiar o desenvolvemento da autonomía das familias no exercicio das súas funcións parentais.

O Programa do Centro de Día diríxese con carácter xeral ás familias necesitadas de apoio que estean incluídas nos Servizos Sociais do Concello de Culleredo, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se atopen en situación de vulnerabilidade, nas que haxa menores en situación de risco de desatención ou nas que se identifiquen outros factores de risco de exclusión social.

**Segunda:** Para a execución do convenio, o Concello de Culleredo solicita á Deputación Provincial da Coruña, a cal acepta, 4 prazas distribuídas nas diferentes unidades de convivencia:

- Unha para a atención de día de nenas e nenos con idade comprendida entre 0 e 18 meses.
- Tres para a atención de día de nenas e nenos de 18 meses a 12 anos.

Os nenos e nenas con necesidades especiais ocuparán unha ratio de dúas prazas no fogar onde estean adscritos.

A Deputación da Coruña poderá aceptar o ingreso das prazas concertadas a disposición do Concello no Centro de Día, sempre que se garanta dispoñibilidade de medios persoais, materiais e técnicos para a axeitada atención da/o nena/o. Así mesmo, a Deputación poderá autorizar, de xeito excepcional e con carácter temporal, un ingreso que supere as prazas concertadas.

**Terceira:** No desenvolvemento do presente convenio as partes asumen os seguintes compromisos:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**Por parte da Deputación Provincial da Coruña:**

1. Ofrecer apoio ás familias que pola súa especial situación non dispoñen de recursos persoais, materiais, etc.) suficientes para cubrir axeitadamente as necesidades das súas fillas e fillos, ofrecéndolles un espazo de convivencia, complementaria á familiar, onde vexan cubertas as súas necesidades, reforcen as súas habilidades (sociais, académicas, etc.) e melloren a súa integración social.
2. Os servizos de atención concrétese no seguinte:
  - Aloxamento diurno en instalacións axeitadas.
  - Atención durante todo o ano.
  - Horario de atención do centro de día de 8 á 22 horas. Non obstante, o horario de permanencia no centro non deberá superar as oito horas diarias.
  - Alimentación (acceso ao almorzo, comida, merenda e/ou cea en función do horario de estancia da nena ou neno), tendo en conta a idade e particularidades de cada unha/un (alerxias, intolerancias, etc).
  - Atención socioeducativa: hixiene e educación nos hábitos de saúde, atención emocional, estimulación e desenvolvemento das capacidades físicas, psíquicas, cognitivas e sociais.
  - Apoio e seguimento escolar.
  - Animación planificada do tempo libre.
  - Servizos de titorías: orientación psico-educativa.
  - Apoio ás familias para a súa autonomía na crianza das fillas e fillos.
3. Ter subscripta unha póliza de seguros de responsabilidade civil e sinistros do edificio.
4. Facilitar, en calquera momento e a petición do Concello, información sobre a evolución da situación dos/as menores. Ademais se elaborará un proxecto socioeducativo nos primeiros 45 días (onde se recollan a avaliación da nena ou neno, obxectivos e propostas de actuación) e un informe de seguemento semestral sobre o seu desenvolvemento persoal e integración social.
5. Gardar absoluta reserva sobre os expedientes das/os menores atendidos, non podendo facilitar nin revelar datos referidos aos/as menores ou ás súas familias sen autorización.

**Por parte do Concello de Culleredo, a través de Servizos Sociais:**

1. Derivar o caso, enviando a ficha de derivación e proposta de traballo. Ademais deberá ter en conta as necesidades da/o menor e as características das prazas convidadas descritas na cláusula primeira.

Nalgún caso excepcional derivado de circunstancias sociofamiliares graves, o Concello de Culleredo poderá solicitar temporalmente a pernocta da/o menor.

2. Informar á entidade das variacións producidas no ámbito familiar do/a neno/a, e no plan de traballo acordado.
3. Manter reunións de seguimento de casos.

**Cuarta:** A Deputación Provincial da Coruña percibirá do Concello de Culleredo con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación anual polos gastos en que



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



inorra no desenvolvemento deste convenio de 15.549 euros, ao que se engadirá o incremento do IPC anual para a provincia da Coruña.

A dita compensación será satisfeita semestralmente conforme ás liquidacións presentadas pola Deputación Provincial da Coruña.

**Quinta:** A sinatura do convenio de colaboración non implicará, para o persoal que a Deputación Provincial da Coruña poña a disposición do programa, ningunha relación laboral, administrativa ou doutro tipo co Concello de Culleredo.

**Sexta:** O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no seu defecto pola Lei de Contratos do Sector Público.

**Sétima:** As partes asinantes estarán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos.

O Concello de Culleredo, responsable do tratamento, poñerá a disposición da Deputación da Coruña, encargada do tratamento, a información necesaria para a correcta prestación do servizo.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A Deputación provincial, tratará os datos coas finalidades e usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos, ante o Concello de Culleredo.

**Oitava:** As cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes serán sometidas a unha comisión mixta de seguimento, composta por:

- A Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, que pode delegar na/o deputada/o de Benestar Social.
- A alcaldía do Concello, que poderá delegar na/o concelleira/o de Servizos Sociais.
- Unha/un funcionaria/o da Deputación da área de Benestar Social.
- Unha/un funcionaria/o do Concello da área de Servizos Sociais.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**Novena:** O prazo de vixencia é dende o 1 de xaneiro de 2023 até o 31 de decembro do mesmo ano.

Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada a lo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, por períodos anuais sucesivos, por un máximo de catro anos, coa aplicación do incremento do IPC para a provincia da Coruña.

Así mesmo, o Concello da Culleredo poderá solicitar a modificación do número de prazas reservadas.

Tanto a prórroga, como a modificación das prazas reservadas ao concello, serán resoltas pola Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, logo dos informes da Dirección do Fogar Infantil Emilio Romay.

**Décima:** Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas partes.
- O mutuo acordo das partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia número 12107 de data 24 de marzo de 2023, e modificada por resolución número 19.952 de data 18 de maio de 2023.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por duplicado exemplar no lugar e data indicados.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Valentín González Formoso

O ALCALDE PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CULLEREDO

Asdo.: José Ramón Rioboo Castro

A SECRETARIA XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil